

SOLUCIONARIO

Páx. 33

Ex. 1

- Anfiteatro: orixe grega. “Arredor”. Construción circular ou elíptica con chanzos arredor da arena, onde se realizaban espectáculos.
- Cronómetro: orixe grega. “Tempo”. Reloxo especial para medir o tempo con gran precisión.
- Entreacto: orixe latina. “Posición ou situación intermedia”. Intermedio.
- Omnipotente: orixe latina. “Todo”. Que ten un poder absoluto ou ilimitado.
- Gastronomía: orixe grega. “Estómago”. Arte da boa cociña e de apreciar os bos pratos.
- Megalítico: orixe grega. “Grande”. Relativo aos megálitos, monumentos prehistóricos construídos con grandes pedras.
- Neonato: orixe grega. “Novo, recente”. Acabado de nacer.
- Pseudociencia: orixe grega. “Falso”. Falsa ciencia.
- Ultramar: orixe latina. “Máis alá de, ao outro lado”. Terra ou conxunto de terras situadas ao outro lado do mar.
- Inframundo: orixe latina. “Debaixo”. Mundo dos mortos; ambiente de marxinación.
- Desigualdade: orixe latina. “Privación, negación”. Falta de igualdade; calidade do que é desigual.
- Semifinal: orixe latina. “Medio, parcialmente, case”. Cada un dos dous enfrontamentos que preceden ao último nunha competición ou concurso, no que os vencedores gañan por eliminación do contrario e non por puntos, e pasan a competir na final.

Páx 34.

Ex. 3

- Os alterativos achegan matices de tamaño ou afectividade á significación orixinaria da palabra base.

Can: canciño

Home: homiño

- Os derivativos serven para formar novas palabras, mesmo de distintas categorías gramaticais.

Pedra: pedreira

Leite: leitoso

Ex. 4

- Mesa/mesiña: o sufixo alterativo diminutivo achega unha diferenza de tamaño.
- Látego/lategazo: o sufixo derivativo crea un substantivo de significado diferente (“golpe dado co látego”).
- Escuma/escumallo: a segunda forma achega un matiz despectivo e colectivo.
- Rúa/ruela: o sufixo alterativo achega expresividade e diferenza de tamaño.
- Rico/ricacho: o sufixo alterativo achega un matiz despectivo.
- Falar/faladoiro: o sufixo derivativo crea un substantivo de significado diferente. (“Reunión de persoas, xeralmente dun mesmo lugar ou dunha mesma profesión, para conversar ou comentar temas de actualidade”)

Ex. 5

- Pataqueira: o sufixo pode crear un substantivo que pode indicar lugar (onde hai ou se almacenan ou se plantan) ou profesión; tamén pode crear un adxectivo que engade o valor de “relativa á pataca” ou de “ser moi amiga das patacas”.
- Ourensán: o sufixo crea un adxectivo que indica procedencia.
- Allada: o sufixo crea unha nova palabra: “mollo feito con allo”.
- Lacazana: valor despectivo.
- Covacha: valor despectivo e de tamaño.

Páx. 48

Ex. 2

Alicate: común, concreto, contable, individual

Decepción: común, abstracto

Cardume: común, concreto, contable, colectivo
Enxame: común, concreto, contable, colectivo
Planta: común, concreto, contable, individual
Baleiro: común, abstracto
Moeda: común, concreto, contable, individual
Coristanco: propio, topónimo
Auga: común, concreto, incontable
Area: común, concreto, incontable
Evaristo: propio, antropónimo
Público: común, concreto, contable, colectivo

Páx. 51

Ex. 5

Abade: abadesa

Bretón: bretoa

Capitán: capitá

Compostelán: compostelá

Mentirán: mentirana

Mestre: mestra

Monxe: monxa

Padriño: madriña

Pai: nai

Pailán: pailana

Rapaz: rapaza

San: sa

Toleirón: toleirona

Urbano: urbana

Xudeu: xudía

Campión: campioa

Ex. 6

- A emperatriz e a princesa celebraron unha cea de benvida para as embaixadoras.
- A sogra e mais a nora non se levan alá moi ben que digamos.
- A cadela que avisou do accidente foi a verdadeira heroína do suceso.
- As actrices interpretaban os papeis dunha dama alemá e unha nobre italiana.

Ex. 7

- Malia ir unha calor abafante, levaba un diadema na cabeza.
- A vaca ten unha doenza no ubre e o seu leite non se pode beber.
- Un cabalo deulle un couce que lle provocou unha dor moi intensa.
- Leva moitos anos no cárcere por cometer un massacre.

Páx. 52

Ex. 8

- Os martes compramos uns lapis e uns compases para as clases de Debuxo.
- Finalmente, os proxectís israelís resultaron ser uns mísiles.
- Para andaren polos icebergs os gardacostas precisaban uns bos anoraks.
- Tomamos uns cafés nos oasis cos seus amigos saharauís.
- Nos prados vimos unhas vacalouras, uns cabaliños do demos uns réptiles.
- Naqueles locais sociais sérvense unhas infusións de herbas naturais.
- Os venres pódense visitar os dolmens e os xardíns dos hoteis.
- Os seus niveis culturais son aceptábeis.

Ex. 9

Test: tests

Pub: pubs

Fácil: fáciles

Rei: reis

Anel: aneis

Dolmen: dolmens

Xudeu: xudeus

Baúl: baúis

Nó: nós

Cartafof: cartafoles

Caracol: caracois

Hotel: hoteis

Algún: algúns

Bocoi: bocois

Azul: azuis

Fiable: fiabes

Motor: motores

Clímax: os clímax

Civil: civís

Ancián: anciáns

Dor: dores

Mel: meles

Tórax: os tórax

Xentil: xentís

Ollomol: ollomoles

Lapis: os lapis

Tándem: tándems

Dúplex: os dúplex